



ACTIVIDADES VINCULADAS Á EXPOSICIÓN

**ser lingua
non é
fácil**





Introdución

Ser lingua non é fácil e isto serve non só para a realidade galega. Linguas que hoxe son ensinadas nas nosas Escolas de Idiomas tiveron momentos críticos na súa historia.

Non os tivesen superado e hoxe non serían o que son.

Foi o que se pasou en Portugal, na Inglaterra ou na Italia. Ás veces, é algunha das súas variedades a que sofre unha situación diglósica, é o caso do español en Porto Rico, o francés no Quebec, o alemán na Alsacia e o holandés na Flándres.

Como veremos nas historias que aparecen a seguir, existen varios condicionamentos sociais que poden provocar que unha comunidade perda a súa lingua:

- > Que as súas elites económicas e sociais falen unha lingua de prestixio.
- > Carecer de Estado propio e estar inserido nun que prioriza a falada pola comunidade.
- > Que a comunidade non teña soberanía sobre as políticas lingüísticas.
- > Que a comunidade sexa bilingüe porque, se non mudaren de lingua, o paso seguinte é o monolingüismo na lingua máis forte.
- > Que a comunidade non teña consciencia da súa identidade lingüística.
- > Que a comunidade viva inserida culturalmente noutra.
- > Que se perda a transmisión lingüística dos pais para os fillos.
- > Que se perda a comunicación con falantes da mesma comunidade noutros estados.



eo! ourense

2



CARTEL 1: INTRODUCCIÓN

1. Neste cartel infórmase nos de que, en ocasións, algunha variedade dunha lingua que nalgún país ou estado é hexemónica, e xa que logo goza dunha situación de normalización lingüística, sofre unha situación diglósica noutro país ou estado. Tenta explicar de maneira clara e sinxela que se entende por:

- ☐ Lingua hexemónica
- ☐ Situación diglósica
- ☐ Normalización lingüística

2. Sinala e comenta algún dos condicionamentos sociais que se mencionan no cartel como causa de que unha comunidade perda a súa lingua propia.

3. Cales deses condicionamentos cres que serven para explicar a situación lingüística que se dá en Galicia?



CARTEL II: INGLATERRA

1. O inglés é lingua propia soamente dunha parte da Gran Bretaña, a zona do centro e o sur da illa. Hoxe é a lingua hexemónica por antonomasia pero, segundo nos ensina este cartel, viviu un período de minorización de máis de tres séculos (entre o século XI e o século XIV).

☐ Se os ingleses do século XIV pensasen como algúns galegos do século XXI (“se vas traballar fóra, o noso idioma no serve”, “para andar polo mundo xa temos outro idioma”, “a nosa non é a lingua común do reino”...) pensas que o inglés sería hoxe a lingua de función internacional que é?

☐ Habrá que esperar ata o século XV para atopar o primeiro rei de Inglaterra que teña o inglés como lingua materna. Sabes cantos reinos peninsulares tiveron reis cuxa lingua propia era o galego?, e cantos reis de Galicia, de León, de Castela e de Portugal tiveron como lingua propia ou habitual o galego? Investígaos.

☐ Que teñen en común o caso inglés e o portugués a respecto da recuperación social da lingua? (Cf. o cartel VII: Portugal)

2. Facede un debate sobre a relación que vos parece que existe entre o tamaño do territorio e a importancia da lingua.



CARTEL III: QUEBEC

1. Repara en que os prexuízos lingüísticos non afectan só as linguas “pequenas” ou non estatais. Como nos ensina este cartel, unha lingua tan “grande”, prestixiosa e internacional como o francés pode tamén ser obxecto de discriminación e menosprezo. Na provincia canadense do Quebec a comunidade francófona é maioritaria desde a súa fundación en 1760, pero viviu unha situación de minorización ata a década dos 60 do século XX, fronte á hexemonía lingüística da minoría anglófona.

☐ Recolle nun cadro comparativo as diferenzas de recoñecemento oficial, uso e valoración social que afectaron ao inglés e ao francés no Quebec.

2. Sinala e comenta os prexuízos lingüísticos que observas no fragmento xornalístico que se recolle no cartel.

3. Fíxate na evolución da situación lingüística experimentada no Quebec ao longo do século XX e compáraa coa galega.

☐ En 1969, o goberno canadense tomou unha decisión vital para a estabilidade do francés e do inglés. Sería posíbel unha medida similar en España?

ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL

5



CARTEL IV: PORTO RICO

1. Tamén o español, ou castelán, ten sufrido e está a sufrir unha situación discriminatória para os seus falantes nos Estados Unidos, particularmente en Porto Rico.
 - ☐ Procura información sobre a historia e a situación administrativa actual do Estado Libre Asociado de Puerto Rico - Commonwealth of Puerto Rico.
 - ☐ A cámara de representantes estadounidense ten soberanía sobre as decisións aprobadas na cámara de representantes portorriqueña. Compara co caso español.
2. Analizade e comentade en grupos as diferentes vías polas que o inglés se vai impondo ao español en Porto Rico.
3. Repara no slogan do bilingüismo: "Conversation in Spanish and learning in English" Que funcións sociais atribúe a cada lingua? Cal é a consideración subxacente de cada un dos idiomas?



ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL

6



CARTEL V: ALSACIA

1. As opinións prematuras, xeneralizadoras e sen verificar pairan a miúdo sobre as linguas e os pobos e proxectan encol deles unha serie de prexuizos que reflicten unha concepción inexacta, incompleta ou simplemente falsa acerca do tema sobre o que se manifestan.

☐ Observa, analiza e comenta a serie de prexuizos que se recollen nas manifestacións de Bertrand Barère transcritas no cartel.

☐ En Francia, debido á rivalidade histórica que mantivo con Alemaña, é frecuente a denominación pastor alsaciano para a raza de cans que xeralmente se coñece co nome da pastor alemán. Esta denominación tamén se rexistra noutros países e ás veces chégase a crer que se trata dunha raza diferente. Pensas que detrás deste detalle anecdótico pode agocharse un prexuízo? Argumenta a túa resposta.

2. Repara na importante perda porcentual de falantes de alemán que se ten producido na Alsacia ao longo do último século, e iso que se trata dunha lingua hexemónica en Europa: a segunda lingua despois do ruso en número de falantes e a lingua falada en máis estados europeos. Compara eses datos cos correspondentes ao galego no mesmo período de tempo. Facede un intercambio de pareceres e tirade algunhas conclusións útiles.



ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL



CARTEL VI: ITALIA

1. O italiano ou toscano é a lingua oficial de Italia. Italia ten 60 millóns de habitantes, dos que uns 25 millóns falan outras linguas diferentes do italiano. É dicir, falan italiano 35 millóns de italianos e o resto dos cidadáns da república pódeno/sábena falar como segunda lingua.

Aínda que se di que o italiano tamén se fala nas comunidades de emigrantes italianos en Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Uruguai, Brasil, Australia, Alemaña, Francia, etc., por millóns de persoas, en realidade as linguas que levaron á emigración eses italianos eran as linguas rexionais e nunha mínima medida o “italiano estándar”. De feito na Arxentina ou no Brasil os emigrantes italianos tiñan que recorrer habitualmente ao español ou ao portugués para entenderse, xa que entre un véneto e un calabrés, ou entre un sardo e un lucano a distancia lingüístico-estrutural é importante e non permite a comprensión mutua. (Xosé Henrique Costas: Guía das linguas de Europa)

☐ Resume o texto e sinala toda a información nova que obtiveches da súa lectura.

2. A questione della lingua (“problema da lingua” en italiano) foi unha controversia medieval sobre se era apropiado utilizar a lingua vernácula como lingua literaria en vez do latín. Incluía a discusión sobre que dialecto italiano se debería usar. Este foi un debate medieval en orixe, ao que contribuíu Dante. Na súa *De vulgari eloquentia* rexeitou todos os dialectos e defendeu unha lingua ecléctica composta dos mellores elementos de todos os dialectos. Na *Divina Commedia* empregou o dialecto florentino, que tamén utilizaron Petrarca e Boccaccio. A controversia continuou moito tempo, mesmo cando o florentino xa deviñera na lingua literaria dos italianos. No século XVI Castiglione mostrouse partidario da lingua falada nas cortes, en tanto que outros apoiaban a teoría ecléctica de Dante. Desenvolvéronse dúas escolas nun conflito a nivel europeo coñecido como “antigos e modernos”. Bembo, por exemplo, insistía no florentino do século XIV na súa *Prose della volgar lingua*, mentres que Castelvetro e Maquiavelo optaban pola forma contemporánea. Aínda se discutía no XIX: Leopardi defendeu a lingua de Dante. (Traído desde “http://gl.wikipedia.org/wiki/Questione_della_lingua”)

☐ Realiza unha paráfrase do texto, isto é, unha interpretación explicativa procurando que o seu contido resulte máis claro e intelixíbel. Apóiate na información que se recolle no cartel.

ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL

8



CARTEL VII: PORTUGAL

1. Como nos ensina esta lámina, tamén o portugués viviu un momento delicado, entre os séculos XVI e XVII durante o reinado de Filipe II:

☐ Que razóns argüía un sector da nobreza lusa para xustificar o abandono da lingua propia?

☐ Son diferentes das que se teñen utilizado noutros momentos e noutros lugares para escusar condutas parellas? Tenta achegar algúns exemplos.

2. Na eventualidade de conflito lingüístico, por tratarse dunha situación dinámica, non determinista nin irreversible, senón máis ben explicábel atendendo a condicionamentos sociais, económicos e políticos, caben varias posíbeis solucións que van desde a desaparición por substitución da lingua dominada á superación da situación de desaxuste mediante un proceso de recuperación do status, do capital simbólico e do valor comunicativo da lingua dominada. En Galicia e Portugal a sorte da lingua común foi diferente, o que explica a situación actual.

Le con atención o fragmento precedente e responde ás seguintes cuestións:

☐ En que medida coincide o que aquí se expón coa opinión de Pilar V. Cuesta recollida no cartel?

☐ A profesora Pilar V. Cuesta enuncia unha hipótese de futuro que non se fixo efectiva. Concordas co seu augurio?



ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL


9



CARTEL VIII: FLANDRES

1. Analizamos o contido do fragmento da declaración do primeiro ministro belga no ano 1832:
 - ☐ Recolle nun esquema as ideas expostas ordenándoas xerarquicamente (da que che pareza máis importante á que consideres menos).
 - ☐ Elabora un comentario crítico das mesmas no que expoñas o teu acordo, desacordo ou os matices que consideres oportunos.
2. Explica o sentido da resposta que lle dá o Movemento Flamengo.
3. O cartel infórmanos de que no seo do Movemento Flamengo se rexistran dúas tendencias opostas verbo da unidade lingüística do idioma propio co holandés. Sabes se sucede ou ten sucedido algo semellante en Galicia con relación a algún idioma próximo?
4. Observa e valora as semellanzas e diferenzas que atopes entre a situación lingüístico administrativa actual en Bélxica e en España.

ACTIVIDADES VINCULADAS A SER LINGUA NON É FÁCIL



“Ser lingua non é fácil” é unha
creación da:

EOI de Ourense
normalización lingüística

Actividades deseñadas polo:

